




**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
E O CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO PARA A ADAPTACIÓN DAS SÚAS
INSTALACIÓNS Á NOVA NORMATIVA.**

Montevideo,

20 xull. 2016

REUNIDOS



Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 255/2012, do 20 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra o **Centro Gallego de Montevideo** (Uruguai) representado neste acto polo Presidente da entidade, D. Jorge Torres Cantalapiedra, actuando en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- As administracións públicas poden celebrar os convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e coas persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, da estrutura orgánica dos órganos superiores e da dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.



TERCEIRO.- A República Oriental do Uruguai, que foi un dos países que máis emigrantes galegos recibiu e no que, hoxe en día, existe unha amplísima colonia de galegos e dos seus descendentes, está a sufrir unhas adversas e extremas circunstancias socio económicas, o que xera un constante deterioro do nivel de vida dos seus cidadáns que se fai máis preocupante nos sectores con menor capacidade de resposta nestas situacións, caso dos menores.

O Centro Gallego de Montevideo, fundado o 30 de agosto de 1879, é o centro en funcionamento máis antigo do mundo; constituíndose polo tanto nun centro histórico para a galegidade. Esta institución destacou sempre polas súas actividades no terreo cultural desenvolvendo un amplo programa con ciclos de conferencias, obras teatrais, exposicións, concertos, cursos e festivais de danza. Anualmente organizan diversas actividades de carácter benéfico en apoio do Hogar Español de Ancianos e coordina diversos programas asistenciais a favor dos nenos descendentes de galegos, especialmente os máis desfavorecidos.

A sede social foi construída en 1923 e é un dos pazos máis fermosos de Montevideo no que se atopa o teatro Valle Inclán, a sala Rosalía de Castro, a biblioteca Concepción Arenal, a súa sala de lectura Castelao, un magnífico restaurante, varias salas de reunións, de xogos e de ensaios. No ano 1994 foi inaugurado o novo parque social e polideportivo na zona residencial de Carrasco que conta con importantes instalacións de recreo e deportivas dotadas de campos para a práctica deportiva, piscinas, zonas de recreo e edificio social.

No ano 2002 foi galardoado coa Medalla de Galicia de Prata e no 2003 co Premio Otero Pedraio. Neste ano o Ministerio de Educación y Cultura declarou Monumento Histórico ó centro, polo seu gran valor arquitectónico, o seu grado de conservación e por ser a institución galega mais antiga do mundo.

Recentemente, o Centro Galego de Montevideo foi obxecto de inspección por parte das autoridades locais, detectándose a necesidade de adaptación de certas instalacións con moitos anos de antigüidade á recente normativa de bombeiros e obras de evacuación de augas pluviais, permisos e obras que acadan a consideración de urxentes ante o anuncio de levantamento de actas de sanción.

CUARTO.- Para regularizar a situación do centro e conseguir a habilitación que lle permita funcionar con normalidade e dentro da legalidade, resulta necesario proceder á elaboración e aprobación dos planos de adaptación a nova normativa de parte das instalacións e acometer as obras correspondentes. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo desta acción que, segundo o informe técnico administrativo solicitado pola entidade, suporá un total aproximado a 50.000 €.

QUINTO.- A preservación das comunidades galegas asentadas fóra do territorio de Galicia en canto exalten a nosa lingua, tradicións, o noso folclore e a nosa historia, é unha tarefa fundamental da Secretaría Xeral da Emigración por canto, tales actos, en tanto que permiten o mantemento dos lazos culturais e sociais da colectividade galega no exterior coa Galicia Territorial, son a expresión mesma da galegidade, tal e como se entende na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galegidade, como o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaboraren e a compartiren a vida social e cultural do pobo galego.



A Secretaría Xeral da Emigración considera conveniente e necesario contribuír á regularización da situación administrativa e operativa das instalacións do Centro Gallego de Montevideo, que faga posible que o centro continúe coa súa actividade en favor da colectividade no exterior, sendo unha institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía dos obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a regularización da situación administrativa e adaptación das súas instalacións á nova normativa municipal do Centro Gallego de Montevideo, que faga posible que o centro continúe coa súa actividade en favor da colectividade galega de Montevideo.

SEGUNDA.- ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría xeral da Emigración achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, unha contía global de **trinta mil euros (30.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

TERCEIRA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, procederase a efectuar en concepto de pago anticipado, unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, por unha contía de **quinze mil euros (15.000 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Dous do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Logo da xustificación do pagamento anticipado, poderanse realizar pagamentos fraccionados á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique a realización das accións previstas neste convenio. Estes pagamentos e o total do anticipo, en base ao disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, non superarán o 80% da subvención concedida. O importe restante, librarase no momento en que o beneficiario



xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Os pagamentos efectuaranse contra certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante, á que se lle engadirán os documentos xustificativos destes que poden ser facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, previa conformidade do secretario xeral da Emigración. Nesta certificación acreditativa dos gastos, que deberán de detallarse de forma individualizada, terase que indicar de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.

En virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros.

En cumprimento do establecido no artigo 10.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de procederse á sinatura do presente convenio e facerse efectivo cada pagamento, a entidade achegará certificado de residencia fiscal emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia, así como as seguintes declaracións:

1. Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

2. Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo de xustificación deste convenio rematará o 30 de outubro de 2016.

De conformidade co establecido no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o se obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver..

CUARTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.



2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

SEXTA.- REINTEGRO

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título II da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

NOVENA.- PUBLICIDADE, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gov.es/bdnstrans/es/index.

Igualmente, e de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, a través do Portal da transparencia e goberno aberto. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

As persoas asinantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto da devandita publicidade.

O Centro Gallego de Montevideo obrigarase a:

- a) Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.
- c) Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.



d) Facilitar toda a información requirida pola Secretaría Xeral da Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula sétima. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

DÉCIMO PRIMEIRA.-VIXENCIA.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de outubro de 2016 agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen .

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2016.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

O Presidente do Centro Gallego de Montevideo

Jorge Torres Cantalapiedra